



Asunto: Autorización de operacións de **Ciclos formativos** de grao medio e **Programas de Mellora da Aprendizaxe e Rendemento** (PMAR), cofinanciadas no 80% polo FSE, no curso 2019-2020.

Con data 8 de decembro de 2015 aprobouse pola Comisión Europea o Programa Operativo FSE Galicia 2014-2020.

No eixo 3 “Investir en educación, formación e formación profesional para a adquisición de capacidades e unha aprendizaxe permanente”, do referido programa operativo, contéplanse dúas actuacións:

- 7041-1012-101-05 - Programas de mellora da aprendizaxe e rendemento (PMAR). Curso 2019-2020.
- 7041-1041-100-05 - Ciclos formativos de grao medio da formación profesional. Curso 2019-2020.

Con data 31 de xaneiro de 2020, de acordo co procedemento establecido para a autorización previa das operacións susceptibles de recibir financiamento no marco do Programa Operativo FSE Galicia 2014-2020, a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional solicitou a autorización das operacións de cada unha das actuacións para o curso 2019-2020.

As operacións foron autorizadas pola Dirección Xeral de Política Financeira, Tesouro e Fondos Europeos da Consellería de Facenda con data 24 de febreiro de 2020.

De acordo co anterior, a posta en marcha dos ciclos formativos de grao medio da formación profesional e dos programas de mellora da aprendizaxe e rendemento (PMAR), serán cofinanciados no 80% polo Fondo Social Europeo (FSE), no marco do obxectivo temático 10 “Investir en educación, formación e formación profesional para a adquisición de capacidades e unha aprendizaxe permanente” do Programa Operativo FSE Galicia 2014-2020.

Dende a Administración educativa débese garantir que, dende o inicio do curso escolar, estas medidas cumpren cos requirimentos regulamentarios dos procedementos de xestión do FSE para o período 2014-2020 e coas vixentes instrucións da Unidade Administradora do Fondo Social Europeo (UAFSE), co obxecto de garantir a elixibilidade dos gastos incorridos ao FSE.

As operacións autorizadas poden consultarse nas seguintes páxinas web:

- Ciclos medios de FP: <http://www.edu.xunta.gal/portal/fse-ciclos>
- Programas de mellora, aprendizaxe e rendemento: <http://www.edu.xunta.gal/portal/fse-pmar>





Información e publicidade.

O artigo 115 do Regulamento (UE) 1303/2013 establece no seu apartado terceiro as normas detalladas relativas ás medidas de información e comunicación dirixidas ao público e ás medidas de información dirixidas aos solicitantes e beneficiarios.

O Estado membro, a autoridade de xestión e os beneficiarios adoptarán as medidas necesarias para facer chegar ao público información sobre as operacións cofinanciadas por un programa operativo de acordo co citado Regulamento.

Os centros educativos informarán a todos os alumnos e alumnas sobre a contribución dos fondos estruturais da Unión Europea á redución e a prevención do abandono escolar temperá e ao fomento da igualdade de acceso a unha educación infantil, primaria e secundaria de boa calidade, incluídos os itinerarios de aprendizaxe formais, non formais e informais encamiñados a permitir a reintegración no proceso de educación e formación.

Moi especialmente, informarase ao alumnado que curse os ciclos formativos de grao medio da formación profesional identificados na operación autorizada e dos programas de mellora, aprendizaxe e rendemento, xa que estas van ser cofinanciadas nun 80% pola Unión Europea a través do Fondo Social Europeo.

Farase unha breve descrición da operación cofinanciada e mostraráselle o sitio na internet no que poden consultar a información. Tamén se lle fará chegar unha copia do/s folleto/s que hai sobre os PMAR e Ciclos medios que están cofinanciados.

Tamén se fará extensible ao profesorado que imparta esas ensinanzas.

Nos centros educativos nos que se impartan as operacións autorizadas e na documentación relacionada con estas ensinanzas, deberá aparecer o logotipo do FSE, coa lenda "O FSE inviste no teu futuro".

Indicadores FSE

O artigo 5 do Regulamento (UE) nº 1304/2013, do Parlamento Europeo e do Consello de 17 de decembro de 2013 relativo ao Fondo Social Europeo, establece que se fará uso dos indicadores comúns de execución e de resultados establecidos no anexo I dese Regulamento e, cando proceda, de indicadores específicos dos programas de conformidade co artigo 27, apartado 4, e co artigo 96, apartado 2, letra b), incisos ii) e iv), do Regulamento (UE) nº 1303/2013. Todos os indicadores comúns de execución e de resultados se notificarán para todas as prioridades de investimento.

Integridade dos datos: rexistro continuo e completo de datos.

Todos os datos relacionados cos participantes deben ser gardados e almacenados de forma computerizada (aplicación Participa1420), como datos individuais dos participantes, é dicir, como microdatos (Art. 125.2(d) CPR).





Entenderase por participante aos beneficiarios directos dunha intervención do FSE (no noso caso o alumnado), que se pode identificar, cuxas características se poden solicitar e para os que está programado un gasto específico.

Cada participante só se rexistrará unha única vez dentro de cada operación (cada curso escolar).

Indicadores de produtividade. Recóllense e almacénanse de modo completo e para a totalidade dos participantes cando comezan a súa implicación na operación soportada, debendo completarse todos os datos relacionados cos datos persoais non sensibles: xénero, situación laboral, idade, nivel educativo e situación familiar. Os indicadores identificados como sensibles basearanse nunha mostra estatística representativa dos rexistros de participación.

Indicadores de resultado inmediato. Refírense unicamente a persoas participantes e se recollen en forma de datos individuais, de forma completa, e para a totalidade dos participantes, entre o lapso de tempo no que o alumnado finalice o curso ou abandone a operación e as catro semanas posteriores ao remate da operación ou ao seu abandono.

Indicadores de resultado a longo prazo. Mide os efectos aos seis meses despois de que un participante deixou a operación, e polo tanto debe rexistrarse en dito momento. Os datos non se corresponderán con toda a poboación de participantes, senón cunha mostra estatística representativa dos rexistros de participación dentro de cada prioridade de investimento.

Estes datos rexistraranse na aplicación web Participa1420 da Consellería de Facenda.

Santiago de Compostela

O DIRECTOR XERAL DE EDUCACIÓN, FORMACIÓN
PROFESIONAL E INNOVACIÓN EDUCATIVA

Manuel Corredoira López

Sr./Sra. Director/a do centro educativo

